



CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA. CURSO 2016/2017

A Universidade da Coruña fai pública a convocatoria de bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado da Universidade da Coruña.

OBXECTO DA AXUDA

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de 118 bolsas de colaboración para formación que permitan a formación teórica e práctica do estudiantado matriculado nun centro propio da Universidade da Coruña en estudos conducentes á obtención dun título oficial, mediante a realización de actividades de colaboración en diferentes áreas de interese formativo.

A dotación total das bolsas será de douscentos vinte e oito mil oitocentos sesenta e oito con oito céntimos de euro (228.868,08 €) con cargo á partida orzamentaria 0300030031 422D 480.03. Sen prexuízo de que este importe puidese ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes dunha bolsa deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado e ao corrente do pagamento no curso 2016/2017 na Universidade da Coruña en estudos oficiais de:
 - Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñaría superior.
 - Titulacións de Grao.
2. Ter superados o 30% dos créditos na titulación onde estea matriculado.
3. Non percibir ningunha axuda económica incompatible. Tampouco poderá realizarse ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional. Para tales efectos, poderase solicitar á persoa interesada certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas.
4. Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario na data de finalización do prazo de presentación da solicitude da convocatoria, agás se a dita titulación é o requisito académico para continuar os estudos na Universidade da Coruña.
5. Ter un perfil académico relacionado coa actividade obxecto da bolsa. Alén dos requisitos anteditos, a persoa solicitante dunha bolsa, deberá cumprir en cada caso os requisitos específicos que figuran no Anexo I correspondentes ás distintas áreas de formación, se os houber.
6. Non poderá solicitar unha bolsa de colaboración a persoa que gozase con anterioridade doutra bolsa de colaboración da Universidade da Coruña.

- Os bolseiros de colaboración deberán manter a condición de estudantes dalgunha das titulacións oficiais que se imparten na Universidade da Coruña durante o período completo de duración da bolsa.
- A perda da condición de estudante dalgunha das titulacións oficiais que se imparten na Universidade da Coruña supoñerá o cesamento automático da bolsa e a perda dos dereitos que esta leva consigo.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán cumprimentarse a través da aplicación informática á que se accede dende: <http://bolsas.udc.es>

Deberase acompañar a seguinte documentación:

- Currículo da persoa solicitante, coa documentación que o acredita. Recoméndase que se siga o formato especificado polo Europass (<http://europass.cedefop.europa.eu/europass/home/vernav/Europass+Documents/Europass+CV.csp>)
- Certificación académica detallada, na que consten as cualificacións obtidas, as datas de obtención e o número de convocatorias investidas en cada materia.
- Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible, nin realizar ningunha actividade retribuída. No caso de realizarse unha actividade retribuída, certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.

Cada solicitante soamente poderá presentarse a tres bolsas distintas, no caso de exceder ese número, quedarán anuladas todas as solicitudes presentadas.

CONTÍA E PERÍODO

O importe bruto da axuda será de 180€ mensuais, ao que se lle aplicarán as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

Así mesmo, ao antedito importe descontaráselle a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real Decreto 1493/2011 de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación. O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A duración destas bolsas será de 9 meses comprendidos entre o día 1 de outubro de 2016 e o 30 de xuño de 2017, cunha dedicación de 8 horas semanais, sen que o tempo de dedicación diaria poida exceder de catro horas. O horario concertarse co/a titor/a tendo en conta a ocupación lectiva da persoa adxudicataria.

INCOMPATIBILIDADE

A persoa adxudicataria dunha bolsa de colaboración para a formación complementaria ao abeiro desta convocatoria non poderá concorrer, no mesmo curso académico, ás

bolsas de colaboración en formación complementaria nos departamentos universitarios dos centros propios da UDC.

COMISIÓN DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A Comisión de Selección estará constituída pola Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno.

Criterios de avaliación:

1. Expediente académico: 75% (máximo 7,5 puntos) (As notas medias procedentes de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17)
2. Outros méritos: 20% (máximo 2 puntos)
 - 2.1 Experiencia documentada relacionada co obxecto da bolsa: prácticas, traballo (máximo 0,5 puntos)
0,1 puntos por mes traballado
 - 2.2 Formación complementaria específica nas materias obxecto da bolsa á que se opta (máximo 1 punto)

Cursos de ate 10 horas: 0,1 puntos
Cursos entre 10-19 horas: 0,2 puntos
Cursos entre 20-49 horas: 0,3 puntos
Cursos de mais de 49 horas: 0,4 puntos
 - 2.3 Idiomas (máximo 0,5 puntos)

Nivel A2 ou equivalente: 0,1 puntos
Nivel B1 ou equivalente: 0,2 puntos
Nivel B2 ou equivalente: 0,3 puntos
Nivel C1 ou equivalente: 0,4 puntos
Nivel C2 ou equivalente: 0,5 puntos
3. Coñecemento de galego: 5% (máximo 0,5 puntos)

Celga 1 ou equivalente: 0,1 puntos
Celga 2 ou equivalente: 0,2 puntos
Celga 3 ou equivalente: 0,3 puntos
Celga 4 ou equivalente: 0,4 puntos
Celga 5 ou equivalente: 0,5 puntos

Só se valorarán os méritos que se acrediten documentalmente referidos á data de finalización de presentación de solicitudes.

Publicarase na páxina web da Universidade da Coruña unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo cinco días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo, procederase á resolución da solicitude da bolsa e á súa publicación no mesmo lugar en que se publicou a convocatoria.

Contra a resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o reitor no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

OBRIGAS DA PERSOA BOLSEIRA

A persoa bolsreira comprométese a realizar a súa actividade seguindo as indicacións do/a titor/a.

O incumprimento por parte da persoa bolsreira dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

A persoa bolsreira comprométese a presentar ao responsable da súa titorización unha breve memoria das actividades realizadas antes do 31 de maio de 2017, que será custodiada no Centro, Servizo ou Unidade na que se realice a bolsa. O incumprimento desta obriga suporá a devolución da contía recibida.

ACEPTACIÓN E RENUNCIA

A aceptación da bolsa, na que a persoa interesada se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria, deberase efectuar no prazo de 7 días hábiles desde a publicación da resolución da convocatoria na páxina web da Universidade da Coruña. Dita aceptación poderase facer dalgunha das seguintes formas:

- Presencial no SAPE (Coruña ou Ferrol) mediante a presentación dos documentos asinados pola persoa interesada:

- Impreso de aceptación
- Impreso alta persoal
- Impreso datos bancarios (orixinal)
- Número de NUSS (Número de Usuario de Seguridade Social)
- DNI
- Copia do resgardo de matrícula 2016/2017

- Mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma que o substitúa.

Enlace modelo de impresos: http://www.udc.es/sape/descarga_documentos/

Se no prazo de 7 días mencionado non se recibise a aceptación por parte do/a adxudicatario/a, entenderase que renuncia á bolsa.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda, que por renuncia dos/as adxudicatarios/as tivesen dereito ao aproveitamento da bolsa, farase pola Universidade á conta de correo electrónico indicada na solicitude e disporán dun prazo de 3 días hábiles para aceptar a bolsa mediante algunha das formas descritas anteriormente. No caso de non obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncia.

Todas as baixas que se produciren antes do 31 de maio de 2017 serán substituídas pola seguinte persoa da relación que elaborará a Comisión de Selección.

Esta convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do Regulamento de bolsas de colaboración para formación na Universidade da Coruña, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 31 de maio de 2016.

PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será dende a publicación desta convocatoria até as 24.00 h. do día 01/07/2016.

A Coruña, 22 de xuño de 2016

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

ANEXO I

RELACIÓN DAS BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

TAREFAS INFORMÁTICAS		
CENTRO	REQUISITOS ESPECÍFICOS	Nº
ETS DE ARQUITECTURA		2
ETS DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS		2
ETS DE NÁUTICA E MÁQUINAS		2
ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA		2
FACULTADE DE CIENCIAS		2
FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN		2
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN		2
FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE		2
FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A E.F.		2
FACULTADE DE DEREITO		2
FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA		2
FACULTADE DE FILOLOXÍA		2
FACULTADE DE FISIOTERAPIA		2
FACULTADE DE INFORMÁTICA		2
FACULTADE DE SOCIOLOXÍA		2
ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR		2
ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL		2
ESCOLA UNIVERSITARIA POLITÉCNICA		2
FACULTADE DE CIENCIAS DO TRABALLO		2
FACULTADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA		2
FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN		2
EDIFICIO DE APOIO AO ESTUDO - FERROL		2

ÁREA	REQUISITOS ESPECÍFICOS	Nº
ORI (Mantemento páxina web)	Estar matriculado no grao, enxeñaría superior ou técnica da Facultade de Informática.	1
AFI	Estar matriculado no grao, enxeñaría superior ou técnica da Facultade de Informática.	2
NORMAL – Espazo de Intervención Cultural	Estar matriculado no grao en arquitectura ou na titulación de Arquitecto.	1
Unidade de teleformación	Estar matriculado no 3º ou 4º curso do Grao de Educación Infantil ou Educación Primaria	1
Cultura A Coruña	Estar matriculado nun grao ou nunha licenciatura da Facultade de Filoloxía	1
Cultura Ferrol	Estar matriculado nun grao ou nunha licenciatura da Facultade de Humanidades	1
Oficina de Cooperación e Voluntariado (Ferrol)	Sen requisitos	1
CUFIE (Atención á diversidade)	Estar matriculado no 3º ou 4º curso do Grao en Educación Social ou Terapia Ocupacional	1
Centro de Estudos de Xénero e Feministas (Coruña)	Sen requisitos específicos	2
Oficina de Igualdade e Xénero (Ferrol)	Sen requisitos específicos	1
Oficina de Medio Ambiente Green Campus	Estar matriculado nun grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría superior ou técnica no centro do que se solicita bolsa. -Facultade de Ciencias -Escola Técnica Superior de Arquitectura -Escola Universitaria de Arquitectura Técnica -Facultade de Ciencias da Educación -Facultade de Ciencias da Saúde (Oza) -Escola Técnica Superior de Camiños, Canais	9 (unha en cada centro)

	e Portos -Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física -Facultade de Filoloxía -Facultade de Fisioterapia	
Oficina de Medio Ambiente	Estar matriculado no grao ou licenciatura do centro en que se solicita bolsa. -1 Facultade de Ciencias (Químicas) -1 Facultade de Ciencias (Bioloxía) -1 ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	3
Publicacións	Documentación	1
Oficina de Cooperación e Voluntariado (Coruña)	Sen requisitos específicos	1
Avaliación docente (Coruña)	Estar cursando 3º, 4º curso de Grao en Socioloxía, ADE, Comunicación Audiovisual, Educación Social o Maxisterio. Coñecementos de informática a nivel de usuario e nocións sobre uso e aplicación das TICs	1
Servizos de Informática e Comunicións (SIC)	Estar matriculado no 3º ou 4º curso do Grao de Enxeñaría Informática	1

CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS DAS BOLSAS CORRESPONDENTES A LABORATORIOS

CENTRO	REQUISITOS ESPECÍFICOS	Nº
ETS DE ARQUITECTURA	Estar matriculado nunha das titulacións do centro do que se solicita a bolsa.	3
ETS DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS		3
ETS DE NÁUTICA E MÁQUINAS		3
ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA		3
FACULTADE DE CIENCIAS		3
FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE		3
FACULTADE DE FISIOTERAPIA		3
FACULTADE DE INFORMÁTICA		3
ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR		3
ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL		3
ESCOLA UNIVERSITARIA POLITÉCNICA		3
FACULTADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA		3
FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN		2
FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EF		2

CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS DAS BOLSAS CORRESPONDENTES A BIBLIOTECAS

CENTRO	REQUISITOS ESPECÍFICOS	Nº
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	Estar matriculado nunha das titulacións do centro no que se solicita a bolsa.	2
FACULTADE DE FILOLOXÍA		2
FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN		2